

ALBORADA

*Rompe o día feiticeiro
e o ventño brincadeiro
funga xa no piñeirai.*

*Os cantores
Reiseñores
cantan todos pol-o val.*

*As fontañas e regueiros
marmulando mainos van
non hai néboa nos outeiros
nin nas corgas, nin no chan.*

*Xa o orballo centilea
nas follíñas da herba mol.
¡Ou, rapaces d' esta aldea!
vinde á ver nacer o sol.*

*¡Ou rapaces vinde logo!
que xa nace como fogo,
que xa brila e alumea
con moi viva craridã...*

*¡Ou rapaces d' esta aldea!
vinde-o ver que naceu xa.*

*Cantemos, cantemos todos
cántigas da nosa Terra:
o sol da nosa Galicia
moita fartura alumea.*

*Xa dá o sol na frondente ladeira
onde están os pomares en froi.
¡Ai! o sol da feliz primadeira
¡qué, prácido sol!
O sol da nosa aldea
bendito sea:*

*que cobre os ceos d' azul color
yenche corgas e vales e montes
e regueiros e regos e fontes
de venturas, de vida e amor.*

† MANUEL LAGO GONZÁLEZ

A "Reunión de Artesanos" e os Poetas galegos

Esta veterana sociedade cruñesa organizou unha serie de veladas nas que os mellores poetas galegos darán lectura ás súas poesías, contribuíndo así á maior gloria dos nosos escritores e da Literatura rexional.

O domingo 8 de Marzal ocupou a tribuna a poetisa compostelá Herminia Fariña. Despois d' unhas verbas de saúdo e presentación, ditas en galego, como compría, pol-o Bibliotecario do Circo Sr. Villar Ponte, a Sra. Fariña deu lectura a dúas fermosas poesías escritas na fala da Terra; despois lén algúns versos máis en castelán, causando en xeneral estraneza aquel incomprensible cambio, en desacordo coas verbas de loubanza que lle adicara o Sr. Villar, en desacordo co espírito da velada, en desacordo tamén co que agardábamos d' ela.

Nós coidabamos ver en Herminia Fariña un bon poeta galego, e atopámonos c' unha vulgar poetisa castelán. ¡É unha pena!

Publicamos, para coñecemento dos nosos lectores, unha poesía galega (verdade que é lástima que non siga tan fermoso vieiro encozado?)

Créanos a Sra. Fariña: a Santa Rosalía non se venera en Galicia pol-os seus versos castelás senón pol-a enorme poesía e sentimento dos seus escritos galegos.

O RETORNO DO GANDO

*Chuvisca... chuvisca...
Hai un delor en cada cousa,
fina un cantar de muller;
no río afógase unha estre la:
¡Hei, vaca, heil!*

*Chuvisca... chuvisca...
Pechón as ventans o hourizante,
n' alcontro á ninguén;
as figueiras marcan a súa contorsión:
¡Hei, vaca, heil!*

*Chuvisca... chuvisca...
Levo un fantasma nos ollos
que me non deixa ver;
zoa unha campá a defunto:
¡Hei, vaca, heil!*

HERMINIA FARIÑA

¡AGARRADEVOS!

O cursi de Gerardo Doval comparou a Pérez Lugín nada menos que con Pérez Galdós. ¡É o colmo das comparacións!

En Doval non nos extranan estas xenialidades ás que é tan afeitoado.

Ainda lembramos cando dixo falando de Concepción Arenal que tiña que ser unha Santa por que o seu pai chamábase Angel.

¡Halvos cada galego na corte!

Se continuamos así, dentro de pouco non habrá coruñés que non fose concella!